



A través do Programa de Subvencións a entidades sen fin de lucro para o mantemento de centros de servizos sociais no ano 2021 (FOAXE-C), a Deputación da Coruña concedeu á Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias da Coruña (AFACO) a cantidade de 19.691,32 €.para o noso centro de día Salvador de Madariaga.

Coa mencionada axuda levaranse a cabo melloras no noso centro, coa finalidade de proporcionar un mellor servizo a tódolos nosos usuarios, axudándolles a retardar na medida do posible a perda da súa autonomía persoal, así como ós seus familiares cuidadores cunha mellor atención persoal e coa descarga no cuidado dos seus seres queridos. Tamén poderán realizarse melloras de adaptabilidade para poder incorporar a máis persoas aflixidas por algunha demencia xa que, por desgraza, son enfermidades cunha incidencia cada vez maior.